

Nº 83

ROXELIO LOIS

# PELRA... ANTRE SEIXOS

LIBRO DE POESÍAS GALLEGAS  
PERCEDIDAS D<sup>o</sup> UN BRILLANTE PRÓLOGO SOBRE A  
EMIGRACIÓN, ESQUIRTO ESPRESAMENTE PR<sup>o</sup>O MESMO PO-LO  
ILUSTRE DRAMATURGO  
EXCMO. SIÑOR DON XUSE ECHETARAY,  
E QUE O AUTOR TEN A HONRA D<sup>o</sup> ADICAR AS DIPUTACIÓS  
E AUNTAMENTOS DE GALICIA, E OS CENTROS  
GALLEGOS DE PORTUGAL D<sup>o</sup> A HABANA  
E D<sup>o</sup> AS REPÚBLICAS AMERICANAS.

—

PONTEVEDRA  
IMP. DE L. CARRAGAL Y PUGA  
*Calle de la Oliva nº 17*

1838

3  
ADEMIA  
LEGA  
ORUÑA

eca

T Gehr

REAL ACADEMIA  
GALEGA  
A CORUÑA

3333


Biblioteca

# PELRA... ANTRE SEIXOS.

et mi queridissima amiga y bondaloso com  
panero Salo Salina Rodriguez.

To la "Pelra" dous de libros,  
os por los "Seixos", non;  
porque os "Seixos" son tan duros  
com'a cachaça de Luis

Carlo Viana



ROXELIO LOIS

---

# PELRA... ANTRE SEIXOS

---


PONTEVEDRA  
IMP. DE L. CARRAGAL Y PUGA  
*Calle de la Oliva núm. 97*


---

1888

*É propriedá d'o autor.*

Serei o mais iñorante...  
mais xa son d'o apostolado  
gallego, que pol-o mundo  
difund<sup>a</sup> o linguaxe pátreo.





## LEUTOR

Si dinantes de nada non che tributara a cariñosa espresion d'a miña mais profunda gratitudine pol-a inmerecida honra que me dispensas ó colarme n-as tuas mans, faltaría á un deber d'aducacion e cortesia, cousas que, anque esquenecidas por moitos n-os tempos que corren, non por iso debo imital-os.

Feito xa tan xusto comprido que ha de demonstrarre canto é o meu reconecemento descontra tí, vou á manifestarre, si ben con moiito laconismo, as causas orixinarias d'a miña aparicion n-o mundo literareo.

Tres son sómente; e pol-a bóa entencion qu' encerran, abrigo a esperanza de que hei de salvarme d'a tua severa críteca, pois que a miña sinceridá ha d'escitar a tua consideracion pra xusgarne con tod'a benevolencia pusibre.

É a promeira, querer ser un de tantos gallegos que, sin pretensiós ningúnhas e alentados pol-o entrañabre cariño que á Pátreea lle profesan, defunden por todolos corrunchos d'a terra, a tan melosa fala que os malougrados Añon e Rosalia de Castro souperon coltivar con tanto porveito.

A segunda, prepetuar o felis recordo d'a veñida á Galicia d'o moi ilustre dramaturgo Exmo. Sr. D. Xusé Echegaray, quen co-a maór compracencia e bondade nunca vistasen homes d'a sua sabencia, enaltecéume e distinguíume tanto c'o brillant'e poéteco «**Prólogo**» que en min hacharás, qu' él abasta solasmentes pra darmé indiscretible méreto y-en vexada popularidade, sin necesidá d'as composiciós con que me aldraxaron, e que, á decir verdá, e por mais que me doya confesalo, son a deshonra de *tan notabre compañoiro*.

D' ahí que o título de «**Pelra... ante seixos**» con que me batearon, res-

ponda perfectamente á cras de traballos de que estou formado, e discolpe por compreto o grande estrevemento de quen m' enxendrou, guiado por un nobre e patreóteco desexo.

Y-a terceira, condenar e combater a emigracion clandestina, por ser o que mais prexudica, hoxe, á ista xa tan abatida rexion.

¿Quen lle diría á Galicia, á tan amorosa e feiticeira Galicia, de risoño ceo, de saudabre crima, d'abondante vexetacion e caudalosos rios, cuyas augas serpentexan en estensos e alfombrados prados, onde os pinos e corpulentos carballos entrelazan seus ramallos c'os naranxos e limoeiros, que cando mais necesitase d'a cariñosa axuda d'os seus moi amados fillos, istes habían d'abandonala, descastados, pra ir á ser escravos en estranxeiras terras sin poder volver á seu regazo cando con lastimeiros bérros por éla fósen chamados?

Ouh desventurada pátreia miña!

Por iso eu, anque o mais insinificante e despreceable de todol-os libros nascidos n-ista rexion — «DESCARTADO O PRÓLOGO» — preséntome n-o momento de mór peligro á dar a voce de «UNION» antre meus hirmans idoulatrados, por ser de ausoluta e inmiedeata necesidade o con-

curso de todos pra salvar á Galicia d'a angustiada sitoacion en que s'alcontra; debendo facer presente, que ó sair á lus n-as autuales cercustancias, non me move o enterés de que sexa celebrado meu inxéneo, e menos o figurar n-o catálogo d' esquirtores gallegos que honran con seus traballos á pátreas, non. Meu ouxeto, redúcese soilamente á demonstrar que inda non se consumiu n-o meu curazon o fogo d'o entuseasmo pátreo, e que iste é o que m' empuxa á consagrarme, hastra morrer, en favor d'a miña segunda nai a encantadora e poética Galicia.

Soilo un favor sopríco ós meus compatriotas:

Que todos, n-a medida d'as suas forzas, imiten ó sucesivo a miña conduta; pois d'esta maneira, ligados pol-o patreotismo en apartado feixe, chegaremos á tempo d'evitar a total ruina d'a rexion mais feiticeira d'o mundo, que hoxe mais que nunca, honra é, e ben grande, pr' os que n'ela naseeron, habela tido por berce.

Déboche, leutor, unha espriación e non quero terminar sin pagarcha relixiosamente.

Cicáis che cause sorpresa o alcontrar en  
min poesías qu' en nada se relacionan co-a  
emigracion.

Esto é debido á querer evitarche o can-  
sanceo e aburrimiento que produce sempre a  
leitura sobre un mesmo asunto; e por mais  
que todol-os traballos poétecos de que estou  
formado non valen gran cousa, hay por eso en  
min algunha variedá, e n-esta, segun ouei-  
rías, está o gosto.

Quererás saber tamén o motivo porque  
m' adico ás Diputaciós, Auntamentos e Cen-  
tros Gallegos d'a Habana, Portugal e de to-  
dal-as Repúbricas Americanas?


Pois non é outro que demostrarllles a moi-  
ta consideracion e respeito que me meresceen,  
e a grande confianza que me ispiran pr' a  
realizacion d'o meu propósito; acodindo á  
únhas y-a outros en demanda de auxilio pra  
Galicia, á fin de que por todol-os medios pu-  
sibres se faga ver ó Goberno a necesidá impe-  
riosa qu' aquela sinte hoxe d'a sua proteucion,  
y-á nosos labregos que intenten emigrar  
crandestinamente, o grande crime que co-  
meterían ó ir n'autualidade á buscar tra-  
ballo á leixanas illas, cando a pátrea es-

tá recramando con voce delorida o amparo e  
axuda d'os seus quiridos fillos.

Si meu bô desexo poidera realizarse —se-  
ría leutor — o mais preceádo galardón con  
que me vería recompensado.

Pontevedra 1.<sup>o</sup> de Outubre de 1888.

---





*Sr. D. Rogelio Lois.*

Mi bueno y distinguido amigo:

Me pide V. un prólogo, carta, introducción ó lo que fuere para su libro de poesías sobre la emigración gallega, y aunque adivino que el resultado ha de ser, bajo el punto de vista del arte, como poner tosco portalón de piedra berroqueña á un edificio de esquisita y aérea filigrana ó como preludiar con roncos y destemplados sones de áspera trompa una de las poéticas alboradas de esta poética tie-

rra, aun así y todo puede en mí mas el deseo de complacerle que otra cualquiera consideración y allá van estas cuartillas escritas al correr de la pluma.

La emigración tiene dos aspectos: uno puramente económico, y este es difícil y complejo, como lo es todo problema sociológico en que entran en juego el capital, el interés, la producción, el equilibrio ó el movimiento de grandes fuerzas sociales: otro del orden moral, y este es fácil y sencillo, como lo es siempre el sentimiento, que se condensa en un latido del corazón, en una lágrima, en un adios, en una vibración espontánea del alma.

Para el primero de estos dos problemas, yo economista empedernido, no tengo más que una solución, *la libertad, las corrientes productoras buscando su nivel, el capital humano buscando campo en que desarrollar sus*

actividades, *las leyes supremas del trabajo* realizando siempre lo mejor dentro de lo posible.

Para el segundo no tengo solución concreta, pero tengo simpatías, aspiraciones y esperanzas: tengo simpatías hacia los tristes emigrantes que se alejan por las infinitas extensiones del mar, con lo desconocido por norte mientras se hunden en la niebla los alegres cielos, las azuladas rias, los verdes prados, bosques de pinos y castaños, parras y maizales, todo un pasado risueño que se deshace en tristeza; tengo aspiraciones y deseos de que llegue pronto un dia en que desarolladas las fuerzas creadoras de Galicia, la inmensa población gallega encuentre elementos de vida en su propia tierra sin llevar las energías de su ser á tierra estraña; y tengo esperanzas profundas en mí tenaz optimismo, de

que este conflicto doloroso entre el cuerpo que pide pan y se va á buscarlo en lejanas playas aunque lo amarguen las olas del mar, y el alma que vive de poesía y recuerdos, y bebe por los ojos belleza, y perspectivas admirables, ha de resolverse al fin, concertándose por el progreso de la tierra gallega el bienestar material de sus habitantes con el entrañable amor que profesan al suelo encantador que les dió vida, horizontes de inagotable hermosura, y un alma capaz de comprenderlos.

Mas pensaba decir, pero el tiempo apremia y he de alejarme de esta poética y simpática tierra.

Soy emigrante de Galicia, y llevo como todos los emigrantes una esperanza: volver á Pontevedra.

JOSÉ ECHEGARAY.

Setiembre 6 de 1888.



## A DON XUSÉ ECHEGARAY


Gloria d'o pobo Espaniel.

— — — — —

Ó prometerme bondoso  
O prólogo **emigracion**  
Par' o libro de poesías  
Gallegas, qu' a emprentar vou,  
Dixo Helenes: «quen á un fillo  
Meu, honra e dá protección,  
Meresce d'os méus verxéles  
O máis cheiroso e millor.  
Mándalle, pois, o que quéiras....  
E dill' en moi alta vós,  
Que con froles se coróan  
Os **xénios** n' esta rexión.»

D' Helenes cómpro gustoso  
O mandato, e gárdeos Dios.  
Pontevedra vint' e tres  
De Agosto.

*Roxelio Lois.*



Acompañaban á esta poesía duas coroas e unha banastera  
chea de froles.



## Malpocadiños!.... (\*)

Ouh! Maldito quen sin dór de esta rexión,  
A grima desleigado a emigración.

En terra estánia...  
Lonxe d' a pátrexa...  
Con mágoa fonda  
N-o curazon,  
Eisisten séres  
Moi desgrazados  
Vítemas sóilo  
D' a emigracion.

---

(\*) Este traballo foi feito pr' o certame literario que se celebrou en Santiago n-as festas d'o Apostel d'este ano, send' o premio e tema unha sortixa d' ouro á composición en gallego que combatise millor a emigración en Galicia.  
O Xurado, declarou deserto o tema.

S'os que gobernan  
 Foran cal deben  
 Ser os qu' os póbos  
 As léis lle dan,  
 Non fuxirían  
 Mozos e vellos  
 D' o seu nativo  
 Y-amado chan.

Per' os Gobernos  
 Soilo se coidan  
 D' impor trabucos  
 'O labrador,  
 Para levarlle  
 Canto colléita,...  
 O que lle custa  
 Tanto sudor.

Gallegos todos  
 Qu' o currunchiño  
 Natal queredes  
 Abandonar...  
 Retrocedede...!  
 Pois s' embarcades,  
 X' as campás poden  
 Por vós dobrar..

Porque si catro  
Tendes a sorte  
De volver ricos  
Pro sin salú,  
Esfarrapados  
Y-esmorecidos,  
Mil xemeredes  
N-a escravitu.

Xa me paresce  
Qu' o meu ouvido  
Lonxe percebe  
Triste crámor;  
Si... son queixidos  
D' os emigrados  
Qu' estan en loita  
Con seu delor.

Probés! Qué dicen?  
Ah, desgrazados!  
Danll' a Galicia  
O últemo adios...  
Hirmans, calemos...  
Silenzo todos...  
Namentras s' ouza  
D' éles a vos.

«Pátreia quirida!...  
 Nai adourada!...  
 Branca pombiña,  
 Ven par' acá...  
 Porque nosoutros  
 'O teu regazo  
 Non poderemos  
 Ir vivos xá.

Eiquí perdimos  
 A salú toda,  
 Eiquí traballo  
 Poucos o dan,  
 Eiquí cal bestas  
 Trátase a xente  
 Y-a latigazos  
 Gánase o pan.

Dando mil choutos  
 Y-aturuxando  
 Deixa un a terra  
 Sin se fixar  
 Que n' é posibre  
 Lonxe d' a pátreia  
 Lembrarse d' ela  
 Sin esbagoár.

Porqu' os feitizos  
Mil qu' atesoura  
Soil' os qu' a deixan  
Poden saber....  
Dichosos quenes  
Ai! n' ela viven  
E n' ela poden  
Tamén morrer!

De nai tan böa,  
Tan namorada  
Todos desexan  
Hoxe fuxir;  
E por ingratos  
O prémeo noso  
É chorar sempre,  
En xamais rir.

Auras cheirosas  
Frescas e soaves  
D' aquellas noites  
De tenro amor  
En que sentados  
D' o rio á beira  
Escoitabámos  
O reisenor...

Qu' é de vosoutras?  
 Ond' acampades?  
 Por qué non vindes  
 Un bico á dar  
 'Os que xa sinten  
 D' a morte o frio  
 E soilo pensan  
 N-o pátreo lar?..

Como teu ceo,  
 Campos frolidos,  
 Rios e montes  
 E ferás chan,  
 Nad' hai Galicia  
 Mais feiticeiro  
 Nin que mais lembren  
 Os qu' eiquí están.

Si tantas légoas  
 De mar n' houbera...  
 Si fose terra  
 Tod' ise mar,  
 Andado fora  
 N' unha xornada...  
 Á tanto chega  
 Noso penar!

Maldito sempre  
Quen culpa tivo  
De que perdamos  
A vida eiqui...  
Tamén malditos  
Quen con enganos  
D' os eidos nosos  
Roubounos, sí.

Para nosoutros  
Non hay cariño  
Nin caridade  
Nin compasión...  
Para nosoutros  
Hai soilo bágoas,  
Triste produto  
D' a emigración.

Si as coitadiñas  
Qu' o sér nos diron  
Adeviñaran  
Noso delor,  
Escramarian  
Olland' ó céo :  
"Antes qu' escravos...  
*Mortos, Siñor.*"

Galicia bela!  
Verxel frolido,  
Terra bendita  
De promisión...  
Que nosa mágoa,  
Nosa desgraza  
Sirv' a teus fillos  
Xa de leucion.

Dilles que sempre  
Teñan presente  
A triste sorte  
D' os qu' eiqui estan,  
E qu' a istas illas  
Buscar non veñan  
O qu' hai d' abondo  
N-o pátreo chan.

Que desprecéen  
Canto lle digan  
Os que trafican  
Co-a emigración,  
Porque nosoutros  
Abandonados  
Eiqui morremos  
Sin compasión.

Adios chouciñas  
Onde nascimos,  
Eigrexia... festas...  
Gaitiña... adios!  
Adios amigos  
E conevidos,  
Rezai á Virxe,  
Rezai por nós.!

Pais adourados,  
Fillos quiridos,  
Compañeiriñas  
D' o curazon,  
Adios pra sempre...  
Qu' a negra morte...  
Vaise achegando...  
Pátreas... perdon...»!

Xa naide fala,  
Naide se queixa,  
Ningun salouco  
Cheg' hastra nós...  
Cicais xa d' eles  
S' apiadaría  
Quen òs que sofren  
Consola... Dios...!

Cantos galegos  
 Asina morren  
 Sin que d' os probes  
 Saiba ninguen...  
 Malpocadiños!...  
 Van tras a sorte  
 E nin a teñen  
 De morrer ben.

Dinos Ministros  
 E Deputados...  
 Homes ilustres  
 D' esta rexion,  
 O ben d' a pátreia  
 Meresceredes  
 Si combatides  
 A emigracion.

Si tal facedes  
 Inda n' é tarde,  
 Inda Galicia  
 Frolecerá...  
 Mais s' á seus fillos  
 D' éla arroxades,  
 Triste deserto  
 Logo será.

---



\* \* (1)

Por teu talento profundo  
e inxéneo tan asombroso,  
todos din: «ise coloso  
non ten xá rival n-o mundo.»

Mais eu que gallego son,  
e que t' ouvin inspirado  
n' este meu pobo adourado  
falar sobr' a emigración,

Direi sómente: «Galicia  
que non te pod' esquencer  
—por teu nobre proceder—  
tamen che fará xusticia.

---

(1) Adicada ó Exmo. Siñor D. Xusé Echegaray ó ausentarse d' esta cibdá o 6 d' Agosto de 1888.

Pois con argullo dirá  
que foches seu defensor,  
e que loitach' en favor  
d' a sua prosperidá.»

. . . . .

Vait' en pas, Echegaray,  
groria d' a Ibera Nación...  
amante d' ista rexión  
com' hoxe moi poucos hai.

Si cando estés en Madril  
en felis arroubamento  
brotan d' o teu pensamento  
recordos d' iste pensil,

Lémbrate de qu' eiquí eres  
por todos idoulatrado  
e que serás respetado  
sempre n-a cibdá d' o Leres.

D' o Leres, cuya cascada  
choutando de con en con,  
cair viches en turbon  
com' unha chuvia prateada...

Onde te ouvimos brindar  
satisfeito, entuseasmado  
—e como sempre ispirado—  
por noso chan, ceo e mar...

Pol-as augas que mainiñas  
a campía retartaban,  
y-anxes que te arrodéaban  
con roupaxes de meniñas...

Porqu' habendo homes cal tí  
qu' a Helenes lle den prestixo  
e nome, terá de fixo  
un porvir brilante... sí.


Por iso soilo che pido  
teñas sempre moi presente  
—cando d' él te haches ausente—  
iste verxel desfroldido.


Que por mais qu' hoxe esi está,  
efeuto d' a emigración,  
si lle prestan proteucion...  
axiña frolecerá.


Adios, xénio sin segundo...  
dramaturgo portentoso...  
talento maravilloso...  
asombro de tod' o mundo.

D' un gallego agradecido  
—y-en nome d' esta rexión—  
recibe de curazón  
un apertón moi sintido.

---







## DE BROCHA GORDA.

---

Isa que vai pol-a rua  
coberta con longo manto  
dirixindo escontr' o templo  
seu precepitado paso,  
y-o entrar n' el auga bendita  
colle c' o maior coidado,  
e dempois de santigoarse  
e de mover o ispiñazo  
ò facer cen riverencias  
a Xesus Sacramentado,  
colouca os brazos en crus  
n' unha man tend' o rosario

e n' alta voz escomenza  
a dicil' ou a rezalo;  
e sin ollar par' a xente  
e c' o rostro contristado  
achégase persurosa  
ó santo confesonario  
sin deixar a pinitencia  
de comprir n-o mesmo auto,  
pro facendo cada xesto  
e cada güiño tan raro  
que parés quere xantar  
as virxes e mais os santos...  
sabes quen é?... Pois escoita  
que vou facer seu retrato....


Foi sempre d' a hipocrisia  
o tipo mais acabado,  
e tantas fixo n-o mundo  
por saír legre d' os casclos,  
que xá non ten nin por onde  
atrapala o mesmo diabro.  
N' a cas arma mil fanteiras....  
non' agoanta can nin gato,  
e de seu marido e fillos  
nunca fixo, nin fai caso.  
Vai case á todol-os bailes...  
non falta á ningun trëato...  
nin tampouco a reuníos  
de parentes e d' estánios...

De noite sempre anda soila,  
sab' enganar ó mais sábeo;  
e por seu rosto de *móina*  
que parés non querba un prato,  
todol- a teñen por santa,  
sendo soilamente o diaño.

• • • • • • • • •

S' inda non-a coneceches  
tendo á vista seu retrato,  
ten pacencia, qu' eu non pudo  
ser n' este asunto mais craro...








## O MEU ASOMBRO.

—

Prodúceme ¡ouh! asombro a tempestade,  
os volcás... os ciclós y-o firmamento...!  
Tamen m-o causa, e moito, a eternidade,  
y-o bramar e ruxir d' o mar y-o vento!...  
Asómbrame ver sempre a humaninade  
loitando pol-o seu melloramento!...  
Pro, vamos, o que mais m' asombraría...  
• • • • , • • • • .

Ver meus **seixos** vendidos en un dia.

—





## CARTA EN VERSO

*qu' un labrego d'a provincia  
de Pontevedra dirixiuelle ó Deputado  
pol-a capital.*

‘O SIÑOR DON ADUARDO  
VINCENTI.

Meu bó siñor  
d'a miña mais destinguida  
y-alta consideración:

Desexo qu' ó recibir  
istes mal feitos ringlós,  
s' alcontre ben de saíde  
qu' é n' este mund' o millor.

Vosté non se lembrará  
—de fixo—de quen eu son;  
porque dende as moi tranquilas

e postreiras eleuciós,  
n-as que saiu deputado  
por esta cercuscrición,  
non me volven á falare...  
e non se diga que foi  
por falta de gratitudine,  
ou por despecearme... non;  
porqu' á fino... atento... e franco  
ninguén eiqui lle gañon.

De non vérnos dend' estonces,  
tiven eu a culpa... pois  
o non ir á visitalo,  
(cal era d' obrigación)  
foi porque teño vergoña...  
e temín qu' os toleirós  
d' a Vila, me confondísen  
c' os que van con peticío~~s~~,  
xunta osté todol-os días...  
cal fan cértos moscardós.

Ay! siñor don Aduardo,  
(e perdoe a degresión)  
cántos tristes desenganos!...  
qué d' amargas deceuciós  
ha de recibir d' algús  
que lle dan moito xabón,  
e cuya amistade... falsa,  
non lle fai ningún favor.

O dia qu' osté se canse

de repartir mais turrón,  
de fixo, pode empezar  
á sumar as deserciós...  
y-o tempo, qu' é bo testigo,  
dirá si teño razón.

A vosté disgustaralle  
tanta franqueza, siñor...;  
pero si se fixa un ponco  
coñecerá qu' éu non son  
nin hipócrita, nin falso,  
nin tampouco adulador;  
porque quén nada lle debe  
e lle di tales razós,  
é porque lle ten cariño  
despoxado de ambición,  
cousa que moitos non poden  
dixir así, en alta vos.

Conezo á tantos qu' o adulan  
tan soilo pol-o *turrón!*

Poida ser qu' algús s' ofendan  
por falar craro; mais vou  
á darlle ós que son *decentes*  
compridas satisfaciós  
dicindolles que *con élles*  
non reza a *miña intención*.

E xá que co-as mans n-a masa,  
señor de Vincenti, estou,  
voulle á contar unha cousa

que cando a ouvin, o rebor  
as meixelas miñas puxo  
o mesmo que bermellón.

Dicen qu' algúis d' os d' a praca  
—á quéen vosté moito dou—  
cando foron á pedirlle  
o seu pequeno quiñon,  
con altivés e soberbia  
de vostede renegou,  
'dicindo que tanto... tanto...  
era xa moito, ¡Birbós!..  
Moito par' osté!... Pois eso  
foi o que mais me indinóu.  
Si hox' esa xente así fala  
send' osté d' a situación,  
cómo falará mañan?...  
Cánta ingratitú, meu Dios!

Eu sin deberlle distinos  
nin menos ningun favor,  
din corenta e un reás...  
e si é perciso... mais dou.

Y-anque un dià renunciara  
nosa representación,  
sempre estaria ó seu lado  
toda vez que vosté foi  
o deputado mais xóven  
que Pontevedra nómbrou  
e quen soupo protexela

con interés, con amor.

Non s' esquenza d' o que digo  
porqu' o sinte o curazón,  
*e quen lle diga outra cousa...*  
é un miserabre, siñor.

Vai xa sendo longa a carta;  
y-así como concrusión,  
pidirlle quero... non cruces,  
nin destinos... É un favor  
enousequio de Galicia,  
dinantes rica rexión  
y-hoxe probe y-abatida  
e traspasada de dór,  
ô ver que tantismos fillos,  
n-a edade d' as ilusiós...  
vilanamente enganados  
e cegos pol-a ambición,  
déixana desemparada  
—despreceando seu amor—  
para cheos de laceira,  
ir morrer n-a emigración.

Por mais que son iñorante  
como todo labrador,  
cavilei moito sobr' esto...  
e penso que si a Nación  
—ou os seus representantes—  
escoitasen o crámor  
d' os qu' en América están,

seguro, siñor, estou  
de qu' a emigración galaica  
—cancere en sopuración—  
de raíz s' estirparía  
axiña, sómente por  
á Galicia devolverlle  
saú, vida, animación...

¿Qué vai gañando Galicia  
si por un milleiro ou douis  
de gallegos que se marchan,  
sô devolve a emigración  
unha moi pequena parte,  
y-esa, encrenque, sin vigor,  
par' adicarse ós traballos  
agrícolas d' a rexión?...

É verdá qu' algunha prata  
algús mandan par' acó,  
co-a que se mercan tarreyos  
d' os que s' embarcan... Mais, onh!  
¿remedéase con iso  
a tan grave situación  
en que s' alcontra Galicia,  
hoxe que ve con delor  
marchar familias enteiras?...

Ante tanta deserción,  
persinto que xa o confriuto  
para Galicia chegou;  
e quénes con teorías

defenden a emigración,  
*como hoxe se leva a cabo*  
—acultamente e sin dôr—  
ou non saben que se mercan  
co-a mais arteira traición  
como negros, os gallegos,  
ou d' o contrario, siñor,  
eses falan por falare...  
e xa n' estas condicíos  
quen a emigración defendá,  
nôn só non ten relixión,  
sinon que fai ver moi craro  
que d' a pátrea renegou.

Crén eses qu' hoxe con prata  
sálvase o confríuto...? Non...!  
porque si brazos nos faltan,  
par' os cultivos... adiós  
enton nos' agricultura,  
base a mais firme e millor  
d' a riqueza de Galicia...  
d' o porvir d' esta rexión.

A vosté, que tan amante  
d' esta terra sempre foi,  
e que ten, como moi poucos,  
bô desexo, ilustración,  
o gran favor que lle pide  
un rústico labrador,  
é qu' estudie con cariño

esta capital custión  
para Galicia: e si vé  
hoxe n-o dia razós  
para combatir ó punto  
a gallega emigración,  
qu'a sua vos n-o Congreso  
sexa a pormeira qu'a nós  
chegue chea d'antuseasmo  
como sempre acá chegou.

Porque d' a maneira qu' imos,  
sospeito, e non sin razón,  
que drento de pouco tempo,  
—si non-o remédia Dios,—  
a muller qu' atope un home  
en tod' aquesta rexión,  
será ollado por aquelas  
com' un hachádego bô.

Si vosté, siñor, non pensa  
cal pensa este labrador,  
faga de conta que nada  
dixen: porqu' as opiniós  
deben sempre respetarse  
—con razón, ou sin razón,—  
e quéén esto así non faga  
ten pouco talento.

Adiós,  
meu siñor don Aduardo,  
consérvese sempre bô

e siga como hastra eiquí  
—cheo de satisfaciós—  
traballando con cariño  
por esta gran pobración  
qu' á conocer ha de darrle,  
n-as próusimas eleuciós,  
canta gratitú lle gardan  
seus fillos n-o curazón.


Repitese seu amigo


*Manoel Sidro Labrador.*

Setembre de ochenta e oito.

É cópea,

Roxelio Lois.







\* \*

'O siñor Direutor d' O GALICIANO,  
que sempre un home foi moi campechano,  
dirixe seu saúdo con respeto  
un rústico, iñorante e mal paletó.

Meuouxeto ó esquibirlle n' este día,  
é cumprir un deber de curtisía  
c' o moi fino e defrente deputado  
qu' os versos d' o peródico pasado  
contestou c' unha carta tan ben pôsta,  
que non debo deixala sin remposta.  
Si me fai a mercede d' insertala,  
é gracia que xamais hei d' olvidala.

Meu quirido siñor don Aduardo  
—perdöe si o apellido hoxe lle gardo:  
Recibín sua carta, e moi contento  
á contestala vou n' este momento,  
porque, feitas as cousas así en quente,  
millor saen, falando francamente.


Estouelle sumamente agradecido  
por haberme tal carta dirixido;  
pois sendo, como son un iñorante,  
sô fai eso siñor quen n' é farsante.  
Non ten qu' agradecerme o que lle dixen  
porque sempre á vosté xusticia fixen.


E tocante ó que me dí d'a emigración,  
respeto, si siñor, súa opinión:  
*Rebaixa n-os cousumos..... é probado... -*  
co-esto o labrador sai ben librado.  
*Qu' os foros se rediman sin tardar....*  
¡ogallá se poidera eso alcanzar!....  
E podendo *libre a pesca* tamén ser,  
veriase á Galicia frolecer.

Si o desexo que ten, á cumplir chega,  
xamáis lle pagará a rexión gallega.  
Conezo seu xenial, súa perficia  
e sei que loitará, sí, por Galicia;  
e saíndo, como espero, vencedor,  
de groria cobrirase meu siñor.  
¡Qué dia de tan gran satisfacción  
aquil en que tal vexa esta rexión!....

Repitolle qu' estou agradecido  
e perdöe por habelo enterrumpido,  
quedando á tal mercé sempre dendor  
o labrego

M. SIDRO LABRADOR.







## UNHA COLLIDA.

—393—

Bertolo, mozo solteiro,  
vindo un dia d' o traballo,  
topou c' unha rapariga  
n-a gran horta d' o Igresario.

O que lle dixo... non sei,  
pero logo se axeitaron  
e debaixo d' un parral  
estiveron... conversando.


Como a noite viña enriba,  
—e obligaciós tiñan ambos—  
o parral, con gran disgosto,  
ó pouco tempo deixaron;


indos' éla par' a casa  
 qu' a tiña á moi poucos pasos,  
 y-él correndo escontr' a Eirexia  
 por estar, facía un ano,  
 de sancristan e sirvente  
 d' o cura don Caralampeo.

Poñendo á presa o roquete  
 y-agota gorda sudando,  
 as velas d' o altar mäor  
 alcendeu, y-enrabuxado  
 á dirixir comenzou,  
 de rudillas, o rosáreo.

'O dicir a letania  
 —e sin facerse de cargo—  
 deixou de rezar un «*Virgo*»  
 qu' en Bertolo, foi estánio;  
 e cando n-o adral se hachaba,  
 d' a Eirexia á porta pechando,  
 sin ter recordo de nada  
 d' o que ll' había pasado,  
 acercóuselle unha vella  
 inda mais fea qu' ó diaño,  
 e díxolle: —Meu filliño,  
 olla que teñas coidado  
 cando reces outra vez;  
 pois, cicáis sin tí notálo,  
 deixache un *Virgo* n-a horta  
 sin habelo hoxe rezado.

A vella marchou surrindo  
y-él quedou par' éla ollando...;  
é cando xa non sintía  
Bertolo d' aquela os pasos,  
escramou: ¡Demo de vella..!  
debe ser bruxa, caránio!  
Mala frebe ch' a consuma  
ou ch' a fenda toda un raxo!  
olla d' o que m' alembrou  
dempois d' esquencid' o caso...!





O DEPUTADO POR PONTEVEDRA  
SIÑOR DON ADUARDO VINCENTI REGUEIRA.

---

»Si desexas alcanzar  
»Gloria, renome y-honores,  
»Dalle vida sin tardar  
»A Helenes, que con suas frores,  
»Saberá tuas sens ornar.»

Si en oportuna acasión  
Esto dixen, Deputado,  
En nome d' a pobracion,  
Debo darch' o galardon  
Ofercido, por honrado.

Por honrado, si siñor...  
 E d' esto non me desdigo...  
 Non nascin adulador,  
 E por iso, sin temor,  
 As verdades sempre digo.

Fai xa tempo que formal  
 Unha gran cousa oferceche  
 Traguer par' á capital...  
 Si compriche ben ou mal,  
 Crar' o dice o que nos deche.

Si non foras tan honrado  
 Cal digo, e tan dilixente,  
 A «frábeca» n-o tellado  
 Inda estaría ó presente,  
 Sin darlle á naide coídado.

Si se fai, ou non se fai,  
 É diferente custión:  
 Ti... poderás ter *bó paí*,  
 Mais para nos, sempre *a nai*  
 Serás d' a tal concesión.

*Hurria!*... bô pontevedrés  
 —Desque Helenes te afillou—  
 Os meus prácmes che dou  
 Por alcanzar d' esta ves  
 O que ninguen alcanzou.

E si amigo craridades  
Son, xa, d' os de novo cuño,  
Quero, por mais que t' enfades,  
Dicir alguhas verdades  
D' as que se chaman d' a *puño*.

'O facerte Deputado  
Os amigos de Monteiro,  
Dixo alguen, pol-o calado...  
«En böas mans confiado  
Helenes deixa o *pandeiro*.»

Mais tanguéchelo tan ben,  
Que naide de tí fuxiu...  
E tal maña Dios che diu  
Que nunca quedou ninguen  
Sin algo d' o que pidiu.

E favores concedendo  
E gradecidos sumando,  
Foche, Vincenti, alcanzando  
O qu' estamos hoxe vendo...  
—Digo mal,—admirando.

¿Quen en igual situación  
Recibiu unha ovación  
Tan cariñosa e compreta,  
D' os que n' esta pobración  
Visten honrada chaqueta?

Eu non me lembro de tal...  
 E pol-o mesmo dírei,  
 Que mal non te aconsellei  
 Cando en verso, e moi formal,  
 N-o Treäto, che falei.

Si algun enton me aldraxou,  
 Dende hoxe está perdonado;  
 Queda xá ben castigado  
 'O ver que non despræceou  
 Meus versos, o Deputado.

Por haberme, pois, ouvido  
 Unh' aperta heiche de dar,  
 Xa que soubelche alcanzar  
 Para iste verxel frolido  
 Obras n-a terra e n-o mar.

Y-asina podo dicir  
 —Sin pasar por mintireiro—  
 Que outro acó non pode vir,  
 Cal tí, que nos saiba unir  
 E tan ben tanga o *pandeiro*.

Deputado coma tí  
 Non houbo nin haberá...  
 Ti non és d' eses d' o *si*  
 E *non*, que van á Madri...  
 Que tí tés verbosidá.

E si queres ser amado  
De todos n' esta rexión,  
Sigue meu consello honrado...  
Fai algo, bô Deputado,  
Pra matar a emigración.

Os médeos que has d' escoller,  
Escúsochos de decir...  
Eu sómente espero ouvir  
Qu' empezache á combater  
Pra Galicia redemir.

E si así todos n' o fán  
Logo, o mal non terá cura...  
Porque si as xentes se van,  
Inculto quedará o chan  
Y-enton ¡ai! d' agricultura.

Isto pr'algún son tonteiras...  
Per' o qu' estamos ollando  
É que familias enteiras  
Vanse á terras estranxeiras  
Desert' a pátrea deixando.

Martos dixo qu' eiqui había  
«Baixo d' as froles espiñas...  
Pois á limpalias... que o dia  
Que se estirpen, a legría  
Renascerá n-as campiñas.

E si tal fás ¿quen enton  
Che deixará de votar?..  
Ninguén!.. Hastr' a oposición,  
Chea de satisfaución,  
Iráche seu voto á dar.

Pois ben, vive sin coidado  
Que á teu lado o pobo está...  
Xa que foches home honrado  
Él, para seu Deputado,  
Ingrato xamais será.

. . . . .

Eu contigo xa comprin.....  
Mais' non quero terminar  
Sin facer o que ofercin...  
*Frcles d' Helenes á min*  
*Pr' as sens de Vincenti ornar.*

~~~~~




\* \* \*

Margarida arrolando á seu fillo  
Fai noites estaba  
Cando n-esto caiulle d' o berce,  
Magoándose a cara.

Margarida dend' aquel istante  
Mais berce non quixo,  
E n-os brazos, e mais n-o regazo,  
Adorment' o fillo.








## Nº UN ALBUM.

---

Esquirbir eu n-un album? Q'a<sup>t</sup> herexia!...  
Cándo verm<sup>c</sup> en tal limpeza che pensei....  
Por eso naide diga hoxe n-o dia  
D' aquest<sup>c</sup> auga en xamáis eu beberei.

---





\* \* \*


Un pedáneo moi.... sabido,  
d' ises que n-os pobos hai,  
ô Xues mandóulle iste parte  
dino de pedáneo tal:

«A la señora justicia  
«garde Dios sin novedá...  
«Sépia usía qu' el calabre  
«d' un defunto, n-un costál  
«aparecéu en talladas  
«n-o pozo d' o sacristán.  
«Eu sospeito, e non son bruxo,  
«qu'ésta disgracia casoal,

«efeuto d' un sucisidio  
«debeu ser sin dubidar.  
«Digame usía qué fago  
«namentres qu' o morto alá  
«ir non poida xunto a usía  
«para poder declarar.»

O Xües, ó ver tal parte,  
dixo: «;qué barbaridá!....»  
e poñend' os antiollos,  
contestoulle: «si mañan,  
*en compaña d' o defunto*  
n-o xusgado non está,  
será vosté procesado  
por ser o mais animal  
de cántos axentes tén  
hoxe a miña autoridá.»

• • • • •  
Si foi ou non foi, non sei...  
eu, leutor, non soupen mais.





## ‘O Xurado. (\*)

Si ó meu prego moi nacrado  
o sobre non se rachóu,  
cousa fácel n' estes tempos  
de tantas... porfanaciós,  
é, xurado, moi pusibre  
que n' adiviñes quen son  
por ser este gran Certáme  
quen me... desvirxinizou.

Pol-o tanto, si a tarxeta  
miña ó fogo mandas, por  
non toparll' a iste traballo  
mais qu' unha pouca entención,

---

(\*) Esta composición foi feita pra unha xusta literárea de felis lembranza, n-a que un ferrador escrarecido oferceu un cabalo d' o país ó que dixese en verso mais verdades sobre os certámes literáreos en Galicia.

importaràime... tres pitos...  
e d' o rosto meu o cor  
que d' un vèzo.. teño mácio,  
non se porá bermellón.

Cecáis o mesmo non fora  
si algun endevido ou dous  
d' os qu' han de dicir... «Premeado...»  
ou —«A fogueira ise autor»—  
quén eu era xá soupéra  
por... *prestidigitación*...:  
pero como crer non debo  
que lixáse seu honor  
un Xurado tan enxébre,  
—dito sen adulación,—  
podo tranquilo aspirar  
ó prémeo d' o ferrador  
sen que nadia diga ó verme...  
—«ise ó feixe tamen fói...»—

Que molestar ó Xurado  
non debera... n' eso estou...;  
pero como, por fertuna,  
non eisiste un español  
que deixe de facer... *versos*,  
pero *versos* .. *con perdon*...  
dixen contr' o meu chaleque:  
—«Farruco: ti n' eres d' os  
«escoleitos pol-as Músas  
«para ter inspiración;

«mais habend' hoxe n-o dia  
«tanto versificador  
«que remiten ós certámes  
«tan máas composiciós,  
«tampouco debes ser menos  
«qu' éles... porqu' en concrusión,  
«o que poderá pasarche  
«será ver queimar sin —dôr—  
«en froleäda bandexa  
«de prata -- e n' un gran montón—  
«teu prego, que ben se pode  
«chamár... *O batallador*»—  
S' iñorase d' os Xurados  
o que sei... ¡Vállame Dios!  
e mais d' os que son *carcundás*  
—si liberales non son—  
hoxe non m' estrevería  
á pidir ningun favor;  
pero sabend' o que pasa  
n' este curruncho español,  
berce de tanto... *fantoche*,  
de sábeos... en cumisión,  
de perodistas... á centos,  
de literatos... ladrós,  
de parvos... e d' algús... pillos,  
—que de todo eiquí Dios dou.—  
o resultado seria  
ver morrer d' un atracón

d' inxusticia ós d' o Xurado  
si honrásen estes ringrós.

Con todo, fai algun tempo  
qu' unha ricomedación  
d' algun Adam encumbrado  
d' un simpre... toureädor,  
d' algunha d' esas siñoras  
que tuteau hastr' á Dioz,  
d' un Xesiuita e tamen  
d' us que se chaman masos,  
vale moito n' estes casos,  
e càxeque sempre foi  
a *cuña* mais boa e forte  
qu' eiquí n' España s' usou:  
porque dende qu' a xusticia  
d' a terra fuxiu ó sol  
por facerll' á cada paso  
sair ó rosto o rebór,  
eu non sei en qué cunsiste,  
pero vese dend' enton  
que todo ll' o dan ós... *burros*,  
y-os sábeos... óllan pra nós.

Pero, non teñas coidado...  
qu' eu, por gracia d' o siñor,  
d' aqueles que meten... *cuñas*...  
nin fun... nin serei... nin son;  
e moito mais, dend' o lance  
qu' en Madri en Pazo pasou

co-a de *Molina d' as Froles*  
cando fixo demiseón.

—¿Sabes, Xurado, qu' a *Estánia*  
ter caráute demostrou?...

Asegúroche, abofellas,  
qu' a quero un pôuco millor  
dende que pasou tal cousa...

—Isto si qu' é ter... tesón!...—  
Tanto a... *Vespa*... com' o *Bispo*...  
as *Moscardas* e *Moscos*...  
importáronchelle un corno...  
e ben feito... si siñor!...

De fixo qu' unha pauliña  
o de Cuenca lle botou...  
mais éla que ten .. talento  
—e non se lle fai favor—  
diciria... «A min, con esas  
pamplinas»... —Fuco...! ¡Chitón!—

Pois, faguendo com' os cans,  
—e non vallan alusíos—  
eu con moita soavidade,  
porqu' iso... sí... soave son,  
proseguirei... *rastrexando*  
o prémio d' o ferrador  
toda vez que grandes nócas  
a Natureza me dou.

Eu opino qu' ós amigos

cando son de curazon  
ou pulitecas ideas  
teñen d' idénteco cor,  
se lles sérvá por compreto  
ó presentarse acasión:  
por qu' ó fin, —está xa visto—  
sempré será, e sempré foi,  
o que dixo enrabuxado  
fai xa tempo meu abó  
tratando c' o Ceruxano  
d' a puliteca interior:  
—«Caráneo!... Pasa n' España  
«o qu' en ningunha Nación...  
«si se fai xusticia... ¡malo!...  
«e si non se fai... ¡pior!...»

Pois ben; xá que com' amigo  
falando contigo estou,  
—e si ti non-o sabías  
fágoche esta ouservación,—  
vouch' unha gracia á pidir  
que si m-a fás... soyo Dios  
saberá cant' agradezo:  
quiero que, si con pudor  
pensas faltar á xusticia...,  
me prémeees pol-a *entención*...  
úneca cousa que teño  
así... vaimos... de valor,  
según unha gran meniña.

me dixo en certa... acasión.

Si te estreves... debereiche  
un sinalado favor...  
porqu' à verdá... meu desexo,  
miña nobre aspiración,  
é montar o cabaliño  
qu' ofreceu o ferrador  
para rirme moito, cando  
vexa algúñ d' os d' o montón,  
e dicirlle con despréceo  
e ademan de mal actor:  
—«ti com' hirexe poéteco  
«fuch' à fogueira; e si non  
«fun eu en compaña túa,  
«debido, tan soilo, foi  
«à saber facer c-o as Músas...  
«o qu' o gaiteiro c' o fol»—

Poida ser que non t' estrevas  
á premearme, por temor  
de qu' os envexosos digan  
qu' algun me recomendou:  
¿pero qué xúncras ch' importa  
o ser quirticado ou non,  
si ó fin, por moi ben qu' o fagas,  
non te salvás... non, siñor!...  
de qu' os hirexes che poñan  
os *farrapiños* ó sol?...

Por mais inxusto que seas,

nunca serás como foi  
con un coitado muiñeiro  
un certo corredor,  
de quen o siguiente conto  
—qu' encerra moita entencion—  
vind' un dia de misáre  
o cura, me relatou:

• • • • •  
— «Unha vez era un muiñeiro  
«dono d' un muiño bó  
«que n-un gran que veu enxúto  
«él só con auga quedou.

«A xente qu' iba ó muiño,  
«era un alabar á Dios;  
«porque como a fame é negra  
«e nunca trégolas dou,  
«nadia de fame quería  
«morrer —con moita razon.—

«O probiño d' o muiñeiro,  
«que pra todo demostrou  
«ter bondosos sentimentos  
«e moi nobre curazón,  
«quixo de noit' e de dia  
«sacrificars' en favor  
«d' os que con tenras parolas  
«sopricaban compasión...;  
«pro resistir mais non puido,  
«e par' o leito marchou

«dempois de estar mes e medeo  
«sin ispirse — Pois siñor,  
«ô faltar d' ali o muiñeiro  
«tal fanteir' a xente armou,  
«que temendo un gran confriuto  
«o Alcalde corrixidor,  
«puxo n-o muiño un home  
«de tan raras condiciós,  
«que se aficionou ôs cartos  
«dend' a pormeira acasión  
«que viu qu' as maquías eran  
«unha «viña d' o Siñor.»

    «Os poucos días a chuvia  
    «a terriña asolagou,  
    «e os rodesnos d' os muiños  
    «víronse andar ô redor;  
    «deixando tamen o leito  
    «aquei moi santo varon  
    «qu' enousequio d' os veciños  
    «a salú sacreficou.

    «O correxidor querendo  
    «premeiar — con xusta razon—  
    «á quen había salvado  
    «tantas almiñas de Dios  
    «traballando —cal un negro—  
    «con lúa e tamen con sol...  
    —eiquí dixo mais o cura,  
    pro non-o lembro— «acordou

«concederlle trinta pesos  
 «como gratificacion.—  
 — Os cartiños recolleunos...  
 pero... sabedes quen foi?...  
 o coitado d' o muiñeiro...  
 —diredes todos— Pois... non!...  
 foi aquel que n-o muiño  
 pux' o tal correxidor,  
 quen, ó probe d' o muiñeiro,  
 canto tiña lle roubou.—

• • • • • • • • •  
 —Que tal o conto... gostouche?...  
 pois aporveit' a leucion...  
 qn'a Xusticia d' esta terra  
 ech' a d' o correxidor.

Pol-o mesmo, ti non temas  
 darmo o prémeo... ¡Vato a Briós!...  
 porque si algus t' afrontasen  
 e lixasen teu honor  
 —por mais que sei qu' ises mesmos  
 darianch' a man dempois—  
 sairéi en defensa tua  
 e diréi en alta voz  
 que son un fato d' hirexes...  
 de labercos... de chismós...  
 envexosos... pela-gatos...  
 anónimos d' o montón...  
 espantallos... fura-bolos...


moscas-mortas... pidichons..  
frega-pratos... churumicos...  
presumidos... trapallós...;  
e para que mais s' amoquen  
—e facer un final bó,—  
direilles que xa se sabe,  
por ser antigo antre nós,  
qu' a xusticia d' os Xurados  
sempre á poucos contentou  
por concedérselle os prémeos  
ó os amigos... y-ó os ladrós.


¿A tí que demo ch' importa  
qu' eses grandes... toleirons  
te poñan com' unha criba?...

Tí dame d' o ferrador  
o cabalo e non t' apures,  
que quen te defende eu son.

Dirán que son... iñorante...,  
mais plaxista... non siñor!...  
qu' a entencion d' os meus esquirtos...  
orixinal sempre foi.

• • • • • • • • •  
De min —hirexe poéteco—  
Xurado, ten compasión,  
e salvame d' a fogueira  
que xá ben... queimado estou.







## N-O ADRO...

---

Ruliña d'a miña y-alma...  
miña xoya... meu pracer...  
¿por qué choras e saloucas  
afrixindo á quen te vé?...  
¿Será, dí, porque n-o mundo  
horfa estás sin que ninguen  
poida prestarche consolo  
n-o teu sofrimento, ou é  
porque non tés confianza  
n-o meu amante querer?...  
Dime o que sintas, ruliña...  
abre teu peito á quén fiel

á teu amor tan enxebre  
xurou mentres viva ser,  
y-a verdade non me acultes;  
pois sabes che dixen que  
por mais qu' á Cuba me leven  
eu xamais t' esquencerei...»

N-o adro d' a Eigruxa d' a aldea  
isto dicia con fé  
á carón d' unha miniña,  
mais roxa qu' un caravel,  
o fillo de Xan d' os Croques  
qu' inda está sirvind' ô Rei.

Caéndolle á fio as bágoas,  
e con mágoa moi crudel,  
respondeu d' esta maneira  
a coitadiña muller:

—«Dubidar de tí non pudo  
pois que me queres ben... sei;  
pero tan amargurada  
vivo dende qne oubin que  
os soldados d' as Reservas  
chamados van, loigo, á ser,  
qu' unha gran malenconia  
apodérouse de ves  
de min, e sô cando choro  
cálmase meu padecer.

Ademais, como n-o mundo  
abandonada quedei,

sin qu' os olliños á naide  
poida mais qu' á tí volver,  
presinto que si te ausentas...  
n-a coba, eixiña, estarei.

Si ó lado meu te quedaras,  
non tería que temer  
porque queréndonos tanto,  
e tendo n-o porvir fé,  
pasariamos a vida  
sin ningun disgusto ter,  
namentras á pátreia sirves  
en comprimento d'a lei.

Pro si á recramarte chegan  
par' as filas outra ves  
e t' embarcan para Cuba  
como embarcan outros cen,  
fai de conta qu' enterrada  
cando volvas estarei;  
porque tanto sofrimento,  
tan contíno padecer,  
resistir xa mais non pudo  
pois xa sin forzas quedei.»

— «Cala que pol-as meixelas  
as bágoas sinto escorrer  
ouvindo canto por min  
sofres tí, meu carabel.  
Confia en Dios e n-a Virxe  
que si embarco volverei....

e cando istiamos casados  
y-o ceo un fillo, con ben  
queira darnos, verás como  
dichosos hámos de ser,  
e cal gozamos, ollando  
n-o berce sunrir aquel»—


Calaron, e un apertón  
díronse...; mais sin querer...,  
él d' os beixos d'a miniña  
libou a sabrosa mel;  
sintindo n-aquel istante  
os doux tantismo pracer,  
qu' apertados estiveron  
xurándose eterna fé  
hastra que víron ¡coitados!  
que xa a triste lobregués  
d' a noit' encobría o adro,  
testigo de amor tan fiel.

Si algun por alí pasara,  
d' o demo había de crer  
que tan dichosa parexa  
tiñ' a inocencia de Abel...  
porque as xentes de hox' en dia  
con todá desfachatés  
murmuran hastra d' os cregos  
cando non teñen de quéń.

Pro volvend' ós namorados...  
como remate direi,

qu' éla xa mais consolada  
marchouse à cas, e con fé  
á Dios pidiu se compriseen  
os tan bos desexos d' él.








## HISTORÉCO.

---

«Corbier» ó despachar por ves pormeira  
con Löis dezäoito, Rei de Francia,  
tan sin comprido o fixo, qu' a carteira  
deixou —sin ser debido a unha iñorancia—  
sobre a mesa d' o Rei c' us cantos rollos  
de papel, pano, rapé y-os antiollos.

O Rei, anque anoxado,  
perguntoulle con sôrna e sin enfado:  
—Viñech' eiquí á vaciár as faltriqueiras?  
E «Corbier» respondeu sin se movere:  
—Si, siñor...; pro si as levo así baldeiras,  
en cámbeo veñeu outros pr' as henchere.—

---





## POR GRATITUDE...

D' a vila de Pontareas,  
unha mañan, ó sáir,  
á un labrego escontr' o Norte  
co-as mans moi erguidas vin  
escramando alegremente  
o que vou, leitor, dicir:

—«Adios, riquiño tesouro...!  
«salvación d' os que onda tí  
«van tristes... esconsolados  
«y-a quenes fas loigo rir...

«Resucitador de mortos...  
«licor d' o céo... felis

«descobremento de cantos  
 «houbo n-o mundo hastr' eiqui...  
 «Reparador d' a saúde  
 «de todol-os de Madril  
 «e de milleiros de pobos  
 «qu' están recorrido á tí  
 «cando xa encréñques se hachan  
 «y-a vida teñen n-un tris...  
 «Zuruxano milagreiro,  
 «envexado potosi...  
 «orballo que Dios crêou  
 «para deixar de sofrir...  
 «Tan contento e satisfeito  
 «marcho pr' a chouza de tí,  
 «que si poidera par' o ano  
 «mais cedo que n-este vir,  
 «en tres meses, pol-o menos,  
 «serei teu hóspede, sí.»

‘O fixarme n’ aquél home,  
 qu’ estaba chorando, vin;  
 y-achegóndome ó seu lado  
 para indagar seu sintir,  
 pergunteille cariñoso:  
 — «;De quen se despide asi..?»  
 y-él contestou de seguida,  
 encomenzando á surir:  
 — «De quén ha de ser, siñor...?»  
 «d’ o que me salvou... ¡ouh, sí!

«de trist<sup>e</sup> e penosa morte,  
«y-a quen debo ser felis.»


Ollei para todos lados  
e, leutor, á naide vin;  
e por saber si era louco  
o que me falaba así,  
dixenlle un pouco amoscado  
e con ceño d<sup>e</sup> algoacil:  
—¿Per<sup>e</sup> ond<sup>e</sup> está ise *Doutor*  
que non dou con él?...

A rir  
botouse; y-olland<sup>e</sup> ô Norte,  
contestou: —«Pois está elí...  
«Non é médeco... que son...

• • • • • • • • •  
**As augas de Mondarís.**

---


—oooooooo—






\* \* \*

Cando sinto escorrer pol-as meixélas  
as bágoas qu' unha infiél me fai verter,  
non podo remedearlo, pero escramo:  
«deix' a coba, miña nai, y-onda min vén.»







‘O SIÑOR DON XUSÉ RIESTRA LOPEZ  
PROTEUTOR  
E FILLO DISTINGUIDO DE PONTEVEDRA.

---

De Curros, de Labarta, de Ferreiro  
e d' outros cen pöetas de Galicia,  
quixera ter o númen feiticeiro  
para en verso facerche hoxe xusticia.....  
Xusticia, sí, ¿por qué non repitulo,  
s' inxusto fora, e moito, non dicilo?

Por todo canto levas n' ela feito,  
sin ollar moitas veces o porveito,  
débeche Pontevedra  
seu embellecemento;  
e vexo con bastante sentimento,  
dempois de que gastache tanto en pedra,

que n' houbo quén en verso ch' o leembrara  
y-a siña gratitú che demostrara.

¿A quén, millor qu' á tí, chamar podemos  
fillo dino de Helenes... bo patricio...  
si eiquí teu capital empregar vemos,  
e ningún sacrificio  
omites sendo d' éla en beneficio?

O camiño trazado  
por teu pai malougrado  
siguir quixeches sempre decidido,  
y-ollando por teu pobo cariñoso,  
dotáchelo, sin ser nunca ambicioso,  
de milloras, qu' o mais desgradecido  
acrámate por dino e xeneroso.

*Como fillo de Teucro,* tí sômente  
foches o que lle diches sempre vida...  
y-eiquí creo prudente  
—por ser pra tí persoa moi quirida,—  
leembrar á Vilaverde, o deputado,  
que tamén para nós foi moi honrado.

Por ser tí tan modesto  
sei que non che molesto  
ô evocar o recordo venerando  
d'un home que, sín nada á nos debernos,  
está costantemente probas dando  
de que sabe querernos...  
Por iso premitfnm' eiquí lembralo  
porque á mal non habías de tomalo.

En todas situaciós, ti favoreces  
—cal un pai amoroso—  
á quén che pide gracia algunas veces  
sabendo qu' eres franco e moi bondoso;  
sendo por tal razon tan apreceado,  
que todos che respetan por honrado.

Si unha dúcia cal tí n-o pobo houbera  
qu' ó probe xornaleiro  
salvara de marchar pr' o estranxeiro,  
cicáis a emigración se contivera  
d' este distrito enteiro.

Pro vendo qu' o traballo xa escasea  
y-as obras que se fan, hoxe, son poucas,  
decidense á partir á terra allea  
en vista de pormesas as mais loucas.

• • • • •  
Traballo!... proteución!... iso queremos,  
y-entón ós emigrantes deteremos.

Cal carballo apertado pol-a hedra,  
Marín loigo estará con Pontevedra  
efeuto d' o *Tranvia*....  
y-ha de chegar un día  
en que, con xeneral contentamento,  
os dous pobos, por ti sempre enlazados,  
han de formar un soilo Ayuntamento  
por non poder vivir xa divorceados.

Esa eléutreca lus que tanta vida  
lle dá ás casas... ás rúas... y-á lameda,

á teu amor á Helenes é debida;  
e tal ben, francamente,  
hai, sí, que agradecerho eternamente.

D' o vapor qu' en Marín cada mes temos,  
á tí tamén, en parte, ch' o débemos...  
y-esto, segúñ ll' ouvin á un *Mensaxeiro*,  
á Helenes y-a Marín deixa diñeiro.

N-os milleiros de asuntos que fagüia  
gran falta utelizar túa enfruencia,  
o pobo á tí sulícito acodia,  
e sempre a consecuencia,  
foi ver realizado o que quería.

Mais hoxe qu' un notabre deputado  
Pontevedra atopou —e sorte tivo—  
non és tí tantas veces molestado...  
pero sempre te vemos denodado  
defendela valente e moi autivo.

¿Qué quererán de tí xa os descontentos?  
¿Quén mais eisixirá d' a tua bondade  
si fillo de tan nobres sentimientos  
non ten outro —endemal—esta cibdade?


Tranquila deben ter túa concencia  
teus feitos, ¡ouh amigo idolatrado!;  
e si algúñ toleirón, por mal querencia,  
pol-a espalda dixerá un día, ousado,  
que soilo a comenencia  
teus pasos dirixiu n-o que fixeches,  
non te afrixas por iso, pois a xente

que víu canto lle deches,  
dirá sempre de frente  
que xeneroso foches e decente.

• • • • •  
Perdona si turbei por un momento  
a paz de que disfrutas, venturoso,  
c' o meu espiramento...  
E si un día se erguera un menumento  
á mamoria d' un fillo xeneroso  
de Teucro... soilo á tí te acramaría,  
y-en grandes letras d' ouro n' él poría:

'O FILLO PROTEUTOR E MAIS QUIRIDO  
DE HELENES  
ESTE POBO AGRADECIDO.







## CARÁNEO C' O CEGO!...

---

N-a festa de San Benito  
de Leres de Pontevedra,  
onde tantas raparigas  
van d' a Vila e más d' aldea,  
estaba un cego con unha  
guitarra, pero moi vella,  
que anque n' a tanguía entón,  
tiña moita xente á beira.

Catro mozas que choutando  
facía pouco estiveran  
por ter a sangue moi quente  
ou ter furnigas n-as pernas,


dixéronlle: ¡bon ceguño!  
 ¿por qu' unha danza habaneira  
 non-os tangue, que bailar  
 queremos hoxe n-a festa?  
 Fáltanlle á guitarra cordas,  
 ou sin afinala téna?  
 Tánganos algo, ceguño,  
 pero nada de muiñeira  
 porqu' ese baile hox' en dia  
 xa non se baila n-a aldea.

Movendo a cabeza o cego,  
 e con gran porsopopeya,  
 «díxolle ás mozas surrindo:  
 sinto ben non compracelas...  
 non toco mais qu' ó fandango,  
 y-eso cando a min me peta.»

Non falou máis; pero as mozas  
 comprenderon a indireuta,  
 e d' o corro se aleixaron  
 roxiñas como cireixas.

• • • • • • • • • •

Iñoro, leitor quirido,  
 si en tod' a noitiñ' aquela  
 o condenado d' o cego  
 tocou fandango n-a festa.





## UN ENSONO...

---

A noite pasada  
que canso e möido  
d' o río Menexo  
viña de pescar,  
deiteime n-o leito,  
y-*A Crónica* lendo,  
quedeime durmido  
hastr' o alberexar.

De súpeto hacheime  
n-uns montes moi altos  
onde unha Matrona  
moi chorosa vin...

olloume y-olleina  
y-ôs poucos instantes  
con voz triste, dixo:  
«achégate á min.»

Sin ningun recéo  
comprin seu mandato;  
e cando pretiño  
me tivo de sí,  
caéndolle as bágoas  
e dando saloucos,  
colléume as manciñas  
e faloume así:

—«Anaco quirido  
d' as miñas entranas,  
¿por qu' en vir tardaches  
xunta túa nai?  
¿Fói temendo, seica,  
que mal te tratara?—  
nunca tal faría...  
qu' en min amor hai.

Algús d' os meus fillos  
vexo qu' se aleixan  
de min, sin qu' a causa  
poida adivinar...  
Pois anqué non téño

minas d' ouro e prata,  
hacha en min tesouros  
quen quer traballar.

D' o ferás terreo  
que d' eiquí ademiras  
son eu súa dona,  
pois Galicia son...  
olla si riquezas  
teño n-o meu seo  
para quen non sexa  
lacazán, maulón.

Nada sin traballo  
n-o mundo se alcanza...  
porque sin traballo  
¿qué cousa, di, hai?  
pois ben, si os meus fillos  
queren ter facendas,  
que non me abandonen,  
que son böa nai.

'As artes y-oficios  
xá poucos se adican  
por ter todos frebe  
d' emigrantes ser;  
y-os agricultores,  
que xá poucos quedan,

máa fê ós terréos  
comenzan á ter.

Algunhas parróqueas  
quedaron sin homes,  
y-as probes mulleres  
o traballo fan;  
e namentras istas  
d' os terreos coidan,  
os pequechos soilos  
n-as chouzas están.

Comprendo qu' as cargas,  
trabucos e rendas  
que sobre meus fillos  
botan sin cesar,  
son hoxe n-o dia  
moitas, y-é impusibre  
que d' as veigas poidan  
pra todo quitar.

Por eso deberan  
os que me gobernan  
óllar por meus fillos  
que honradiños son;  
e traballo dando  
y-á endustrea atendendo,

aminorarían  
miña emigración.

Eu non desconezo  
qu' o deixarme moitos  
é pol-os embustes  
qu' algús lle fan crer;  
e cando ali chegan  
e vens' enganados,  
é seu mór desexo  
á pátrexa volver.

Familias enteiras  
emigran decôte  
ô ver qu' o governo  
a man non me dá;  
e por esta causa  
miñ' agricultura,  
non tendo agarimo,  
logo morrerá.

Si en min non houbera  
terréo en abondo,  
riös e cascadas  
para endústreas mil,  
comprendo que todos  
os qu' o sér me deben  
emigraran d' este  
froledo pensil.

Mais non carecendo  
d' o que hai n' outras partes  
e tendo un bo crima  
com' outro non hai,  
proteución axiña  
pídase ó goberno  
pra min que fun sempre  
moi bondosa nai.»

—«Naiciña amorosa...  
Galicia adourada...  
deixa que te bique  
por böa e léal...;»  
e cando á Matrona  
todo ésto dicía,...  
despertei bicando...  
o meu cabezal.

---



## TUTI CONTENTI...

---

Dous comisionados por  
unha parroquia rural,  
á un pintor encargar foron  
un grorioso San Bastian.

Perguntados si o querían  
viv' ou morto, á cavilar  
puxéronse un longo rato  
sobre tal pergunta. Mais  
un d' éles, que tiña trazas  
de ser, leitor, Concelal,  
creband' o silencio, dixo  
con tono d' autoridá:

—«opino se pinte vivo  
pol-o que poida importar;  
porque ancando d' outro modo  
dempois o queiran alá,  
con matalo de seguida,  
*tutti contenti...* y-en paz.»







## A MENDES NUÑES.

---

D' España groria, y-honra de Galicia...  
Valente á quen laudaron as Naciós,  
Figura d' a Marina a mais notabre,  
De Churrúca e Gravina socesor...  
Perdona si un record' hoxe che adico  
Y-a paz d' o teu sepolcr' ouso turbar...  
Pro gallego nascin, y-os bôs gallegos...  
Sô morrendo, de tí s' esquencerán.

---





## POR ALTO...

---

Era de noite... N' aldea  
o relós as doce dá,  
y-a choiva, tronos e vento  
e tamen o lostregar,  
fan tremár ¡ay! de pavura  
ô más empío y ô más  
valentón á quen n-o mundo  
non lle asusta nada xá.

De súpeto... unha descarga  
forte d' eleutresidás,  
seguida d' un gran estrondo  
—que nunca ouvin outro tal—  
fixo á miña probe chouza  
por compreto retremar;

y-abríndoseme a ventana  
que descontr' á ría dá,  
fun á zarrala correndo;  
y-ô querela suxetar,  
antre confusión de voces  
mescradas co-a tempestá,  
ouvín un ¡ay! delorido...  
dempois... outro, logo... mais.  
—Quénes en noite tan mala  
estrevéñse á camiñar  
por tan desertos sendeiros  
cal si fóran criminás?...  
—dixen éu moi sorprendido  
e poñéndome á escoitar—.

Pr' ô mesmo tempo unha voce,  
ô parecer de rapás  
que tería —sin engano—  
dezaseis anos d' edá,  
dicía con gran tristura  
y-esbagoando sin cesár:  
—Adios... nai que tanto quero!...  
Adios... coba de meu pai!...  
Adios... chouza en que nascin...!  
Adios... meus próbes hirmans...!  
Si hoxe crandestinamente  
vou de tí, pátrea, a emigrar,  
cegado pol-as ofertas  
que dende América fan

non me maldigas, Galicia,  
pois eu quero traballar,  
y-a protección que desevo,  
en tí non-a alcontro xá!—

—Fillo d' as miñas entranas!...

Adios pra sempre, cicais...

—dixo unha muller chorando  
e xá distante d' a cas.—

¡Queira Deus qu' ás tásas illas  
chegues, meu encanto, en paz  
e non morras de laceira  
como algúns morren alá!

Non ouvín máis, y-asustado  
con tan forte temporal,  
n-o leito á correr metinme,  
onde, sin poder zarrar  
os óllos pol-o que oucíra  
e por sintirme algo mal,  
escomenciei d' este modo,  
leitor, á refreusionar:

—Isa xente, qu' á estas horas,  
por ises sendeiros van  
molladíños como pitos  
y-espóstos á se matar,  
son gallegos que se marchan  
bulrando ás autoridás,  
debido á certos manexos...  
que n-as pobaciós se fán.

Desgrazados! ¡Cánto sofrén  
por ir, cicáis, á deixar  
o pelexo n-as Américas  
onde tanta xente hay,  
e que, segun d' aló dicen,  
aquelo está xá moi mál!...  
¿Quén ten a culpa, Galicia,  
si tí desert' á quedar  
chegas, pol-o gran nagocio  
que hoxe algúns contigo fan?...  
Os gobernos que non ollan  
por teus intereses más,  
e sin proteución ningunha  
déixante sin se fixar  
que sempre foches honrada,  
pacífeca e moi léal,  
e que pagas teus trebutos  
con gran relixiosidá.  
¡Ay d' o dia que Galicia  
diga «xa non poido más»  
e reclame como debe  
o que hoxe non se lle dá,  
porque estonces, soilo sangue,  
Goberno, che ofercerán  
seus fillos, que de cordeiros  
convertirán en chacáls.—

Ó pensar tal, o asubío  
d' o vapor sintíuse alá

lonxe... moi lonxe, mescrado  
c' os tronos y-o vendabal;  
e sin poder remedéalo,  
escomencei a esbagoár,  
rezando unha salve á Virxe,  
por meus quiridos hirmans  
para qu' a porto chegasen  
sin ningunha novedá.

Zarrei os ollos... durminme...  
y-à mañan, ô despertar,  
o sol daba cor e vida  
á todo, n-o mundo, xá,  
cal si n-a noite pasada  
non houbera temporal.

E cando erguido d' o leito  
contemprando estaba o mar,  
abism' onde sepoltadas  
milléiros de vidas háy  
e me lembrei d' o vapor  
que sin medo á tempestá  
n-a noite antereór marchara  
ô querer alberexar,  
con pena dixen ollando  
pr' os prados, montes e vals:  
¡Galicia! ¿qué non serías...  
si te protexéran máis?.





## CUSTION D' O DIA...

O dono d' un mal meson  
c' un arrieiro latricaba  
porque un saco lle faltaba  
ô segundo, d' un caixón.


—«Vostéde o saco dará  
ou deixo de ser arrieiro»—

—«Dous cornos»... —o mesoneiro  
dixo— «de min levará.»—

—«Con que dous cónros»?.

—«Y-axiña»—

—«Pois asunto terminado—  
¿Por qué haberéi maliciado  
que vósté par' algo os tiña?»—





## EU E BRÁS.

---

Unha tarde de vran moi calorosa  
Desexando en sitio fresco repousar,  
Dirixiame á robreda mais frondosa  
Qu' inda eisiste n-a parroquia de Baltar.

'O pasar pol-a beira d'un cruceiro  
Qu' un Cristo, moi mal feito, representa,  
Sin dúbida por ser un mal canteiro  
Quen-o fixo, eicais pra mais afrenta,

Vin sentado n-un paso d' a escaleira  
D' o cruceiro mentado á Brás d' a Vila,  
Qu' encrenque n-a somana derradeira  
Viñera, me paresce, de Manila.

Pareim' e sa ûdeino moi atento;  
 Y -él tamen, contestando pracenteiro,  
 Deixou seguidamente seu asento  
 Poñendo enriba d' iste seu sombreiro.

—Regocíxome que veñaç con saude  
 E con prata—lle dixen enseguida—  
 Pois con eso, sin mágoas e virtude,  
 Non hay naide que pase mal a vida.


—Mil gracias,—repricou.—Eu soilo quero  
 N-a compañía de meus páis eiquí vivir;  
 E si teño süude, en Dios espero  
 Tal desexo, tal fertuna conseguir.

Porqu' estar d' estes prados aleixado,  
 D' estes rios, d' este ceo e d' este mar,  
 É vivir à tristura condenado.....  
 Solasmentes é vivir para chorar.

Si tivera—por disgracia—que volver  
 A deixar o dôce niño en que nascin,  
 Esta vida despreceara, pois morrer  
 É millor ¡ay! que sofrir o que sofrin.»

• • • • • . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . .

Despedinme de Brás, e meu camiño  
 Proseguin refreusionando sin cesar,  
 Sobr' a mágoa d' un pai cando un filliño  
 De soldado se lle vai par' Ultramar.





\* \*

Unha devota, casada  
con un fero melitar  
que por seu xénio rabiado  
era mais malo que un can,  
á San Inacio en novena  
puxo pra lle sopricular  
que reformas<sup>c</sup> enseguida  
d' o seu marid<sup>d</sup> o xenial.

'O cabo de tres somanas  
—d' un ataque pulmonar—  
o marido d' a devota  
enterrado estaba xá;

e cando amigos e amigas  
o pésame ll' iban dar,  
dicialles: «Non hay santo  
como San Inacio... Mais  
d' o que lle pidía... deume.....  
y-esto... só tal Santo fái.



!!.....!!

Onte de noite sain,  
contr' à lameda marchei,  
d' o reuma mal me sintin  
y-axiñ' à cas regresei.

N-o meu durmitóreo entrando,  
y-un mal *cascante* alcendendo,  
estaban as once dando...  
dempois ;ouh! durminme lendo.

O sono que tiven onte  
foi unha escëa d' amor:  
n-un xardin, unha gran fonte,  
unha houri y-un trobador.

D' a fonte, pro d' o mais alto,  
por crara lus deslombrados,  
gozaban sin sobresalto  
meus personaxes soñados.

De súpeto... n-un istante,  
vin, cal unha eisalación,  
ó trobador xadéante  
que se baixaba ó pilon.

«Insensato»—lle berrei—  
que te vas lixar n-o fango.....

• • • • •  
D' o meu sono mais non sei,  
pois ó punto despertei  
tararexand' o fandango.





## CANTARES.

---

Hay homes tan garuleiros  
que, apesár d' a sua vellés,  
inda rastrexan as lebres...  
pero xá... non hay de qué.

És tan falso e inconsecoente,  
tan envexoso e ruín,  
que por ter tales defeutos  
todos se aleixan de tí.

En camiño de presidio  
vou á verte sin remédeo  
por poñerte á quirticar  
o que non comprendes... ¡nescio!»

Si o que che pido has de darme,  
non m-o fagas desexar  
qu' as cousas moi reléadas  
perden o méreto xa.

N-a túa fonte, miniña,  
quixerá apagar a sede  
ancando Dempónis tivese  
que, de indixesteon, morrere.

Si eu fora pulga, Maruxa,  
e che choutara á unha médea,  
habíame de meter  
onde tí non me colleras.

Que son un grande pícaro  
dice Emetéreo  
y-ha de ser porque pufos  
á naide meto...  
¿Hay picardía  
mäor, vamos, n-o mundo  
que ser... pufista?

FIN.

## ÍNDECE.


---

|                                                    |      |
|----------------------------------------------------|------|
| LEUTOR. . . . .                                    | VII  |
| PRÓLOGO d' o EXCMO. SR. D. XUSÉ ECHE-              |      |
| GARAY. . . . .                                     | XIII |
| A D. Xusé Echegaray. . . . .                       | 17   |
| Malpocadiños!. . . . .                             | 19   |
| Por teu talento profundo. . . . .                  | 29   |
| De brocha gorda. . . . .                           | 33   |
| 'O meu asombro. . . . .                            | 37   |
| Carta d' un labrego. . . . .                       | 39   |
| 'O siñor Direutor d' «O Galiciano».. . . . .       | 49   |
| Unha collida. . . . .                              | 53   |
| 'O siñor Vincenti, Deputado pol-a capital. . . . . | 57   |
| Margarida. . . . .                                 | 63   |
| N' un album. . . . .                               | 65   |
| Un pedáneo. . . . .                                | 67   |
| 'O Xurado. . . . .                                 | 69   |

---

|                                       |     |
|---------------------------------------|-----|
| N-o adro.                             | 81  |
| Históreco.                            | 87  |
| Por gratitud.                         | 89  |
| Cando sinto escorrer pol-as meixélas. | 93  |
| 'O siñor D. Xusé Riestra.             | 95  |
| Caránio c'o cego!                     | 101 |
| Un ensono.                            | 103 |
| Tuti contenti.                        | 109 |
| A Mendes Nuñes.                       | 111 |
| Por alto.                             | 113 |
| Custión d' o dia.                     | 118 |
| Eu e Brás.                            | 119 |
| Unha devota casada.                   | 121 |
| ¡¡....!!                              | 123 |
| Cantares.                             | 125 |

---



**Precio 3 pesetas.**

Iste libro háchase de venta en todal-as  
librerías.

Os pedidos deberán dirixirse o autor,  
Chirino 1. Pontevedra, acompañando o  
importe en libranza d' o Xiro Mútnō ou  
letra de fácele cobro.

REAL

G

A C

33

B

# AL HO GALI